

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DA XLVI FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO 2009

Primeira.- Poderán presentarse a este Concurso os comercios con establecemento aberto ao público de Ribadavia. Débese exaltar a calidade dos actuais viños do Ribeiro resaltando a **imaxe de limpeza , frescura e elegancia do viño do Ribeiro**. Cada establecemento poderá ter un máximo de dous escaparates , enmarcados nun ambiente propio da Feira do Viño do Ribeiro.

Segunda.- Os escaparates deberán exhibirse ao público durante o período comprendido, como mínimo, entre o 22 de Xuño e o 6 de Xullo.

Terceira.- Será condición obrigatoria a colocación do cartón de participación (que será facilitado no momento da inscrición) nun lugar visible do escaparate, que deberá estar acendido ata as 23 horas.

Cuarta.- Os participantes deberán inscribirse no Consello Regulador de D.O. Ribeiro (Salgado Moscoso nº11, Ribadavia. TLF: 988 47 72 00) todos os días laborables de 9 a 14 horas.

Quinta.- O prazo de inscrición finaliza o día 16 de Xuño ás 14 horas. A inscrición é gratuíta.

Sexta.- Os premios que se establecen para este concurso serán os seguintes:

1º Premio dotado con 600 Euros.
Dous accésits dotados con 200 Euros.

Sétima.- A entrega de premios farase xunto coa entrega de premios dos viños da Feira do Viño do Ribeiro o día 5 de Xullo.

Oitava.- O xurado estará composto por varias persoas relacionadas co mundo da publicidade e do escaparatismo, así como polo Presidente do Consello Regulador e do Concelleiro de Promoción Económica e/ou persoas nas que deleguen. Como Coordinador do concurso actuará un membro do departamento de Promoción do Consello Regulador do Ribeiro.

****Nota:** *O xurado valorará a integración do mundo do viño co produto propio do comercio, a orixinalidade e a visibilidade.*

Novena.- Os participantes neste concurso aceptan expresamente as bases do mesmo, así como as decisións e fallo do Xurado, reservándose éste o dereito de declarar desertos todos ou algún dos premios. O veredicto do xurado será inapelable.

En Ribadavia, 25 de Maio de 2009

D. Luis Anxo Rodríguez Vázquez.
Presidente do Consello Regulador do Ribeiro.

D. Emilio Cuiñas. Concelleiro de
Promoción Económica de Ribadavia .

